


XLVIII MOSTRA DE TEATRO GALEGO DE CARIÑO

DO 2 AO 8 DE AGOSTO DE 2026



Domingo 2 de Agosto

Apertura da XLVIII Mostra de Teatro Galego de Cariño



DOMINGO

2

12:00 h.

Compañía Catropés
ANIMACREQUES

Espectáculo Itinerante / Saída dende o Concello

En Animacreques, a partir da técnica circense dos zancos e o virtuosismo da danza xorde esta proposta de animación e intervención na rúa. Anxela Blanco e Vanessa Rivas propoñen un xogo visual que permitirá ao público participar e interactuar coas intérpretes ao longo dun percorrido no que a relación humana, o agarimo e a delicadeza son o contido principal da animación.

DOMINGO

2

13:00 h.

Compañía Teatro Ghazafellos
Historias para escagharriñarse

Teatro na Rúa / Porta da Pulida / Para público familiar / Entrada de balde

Tres feirantes percorren o mundo co seu carromato contando vellas historias da cultura popular que removerán pesadelos nos incautos oíntes. Coincidindo co seu 20 aniversario, Teatro Ghazafellos recupera un dos seus primeiros espectáculos de rúa facendo uso do seu característico humor.

DOMINGO

2

21:00 h

Compañía Colectivo Glovo
TRIADE e ALLEO

Danza / Porta da Pulida / Para todos los públicos / Entrada de balde

Compañía Colectivo Glovo TRIADE e ALLEO, ten como punto de partida esa necesidade de xuntarse, vincularse e bailar desde o coidado e a escoita. ALLEO baséase na idea da atalaia. Parte do condicionamento da “privilexiada” posición da torre e de quen desempeñaba o papel na vixilancia.

LUNS

3

12:00 h.

Compañía Fantoques Baj
A VIAXE FELIZ de RAMÓN SANFIZ

Auditorio Municipal / Público familiar / Entrada 1,50 €

Ramón Sanfíz, aventureiro e percusionista dunha orquestra de baile da mariña, dispónse a percorrer un novo itinerario co seu triciclo. No encontro co público, cóntalles a viaxe que realizou desde a súa vila natal ata San Andrés de Teixido fiando diferentes historias que aprendeu dos habitantes que atopou polo rico camiño cultural que cruza a Mariña e remata na serra da Capelada.

LUNS

3

22:00 h.

Compañía Chévere
ICTUS

Auditorio Municipal / Público adulto/ Entrada 6 €

ICTUS é unha obra sobre a memoria, sobre a relación que existe entre boa memoria e boa democracia e sobre os traumas sen resolver coa nosa memoria histórica. Unha obra que usa como fio condutor o cadro titulado “A derradeira leición do mestre”, que é a derradeira pintura que Castelao asina no exilio, cando está case cego. Esta obra integra en escena a lingua de signos (LSE) para persoas xordas signantes e conta con audiodescrición en directo desde o escenario integrada na narrativa, para persoas con discapacidade visual.

MARTES**4****12:00 h. Compañía Muu
CRUNCH 2****Auditorio Municipal
Público familiar / Entrada 1,50 €**

Volven os dous superheroes máis queridos do circo nesta nova aventura. Unha viaxe temporal aos seus comezos, volver á escola por non sacar o título. Quen non soñou con iso? Un mundo no que non es ninguén sen título. Novos inimigos, novas aventuras, novos desafíos. Un espectáculo familiar cheo de malabares, caídas, golpes, corda floxa, risas e equilibrios imposibles. Máis que nunca é tempo de superheroes.

MARTES**4****22:00 h. Producións Teatrais Excéntricas
MOFA E BEFA / Os dous de sempre****Auditorio Municipal
Público Adulto / Entrada 6 €**

Os dous de sempre. Dous personaxes xa coñecidos que, a través do humor e da retranscra, repasan situacións da vida cotiá. Cun estilo sinxelo e moi directo, constrúen escenas cheas de ironía e crítica social. A obra xoga co absurdo e co recoñecible, facendo que o público se vexa reflectido nas súas historias. Entre risas, tamén deixa espazo para a reflexión sobre a realidade que nos rodea.

MÉRCORES**5****12:00 h. Compañía Galeatro y Xarope Tulú
BERENGUELA NA GAIOLA****Auditorio Municipal
Público familiar / Entrada 1,50 €**

Nunha residencia da terceira idade traen de volta á Berenguela, unha anciá que aproveita para fuxir en canto pode. Quere volver á súa casa na aldea, onde sempre viviu, onde é feliz. Berenguela protesta, rosma, funga, ata que a súa amiga Aurora consegue acougala. Berenguela na gaiola é unha divertida e emotiva proposta para público familiar; unha coprodución gañadora do IV Certame Manuel María de Proxectos Teatrais en 2025.

MÉRCORES**5****22:00 h. Mariña Lestón / Cartografía
COSTA da MORTE / dun naufraxio****Auditorio Municipal
Público Adolescente e Adulto
Entrada 6 €**

Cartografía dun naufraxio Unha viaxe sobre a historia do noso mar a través de relatos reais e cantigas populares interpretadas en directo. Historias sobre naufraxios na Costa da Morte para lembrar ás persoas que xa non están e para poñer en valor e visibilizar ás que quedaron en terra: as viúvas, as orfas, as que socorreron... Para que as súas historias non caían no esquecemento. A proposta presentárase en formato accesible con lingua de signos e intérprete Gema Santos. Busca achegar as artes escénicas a todas as persoas, incluídas aquelas que adoitan quedar fóra por falta de accesibilidade.

XOVES**6****12:00 h. Compañía Tarabela Creativa
TARABELA AMBULANTE****Auditorio Municipal
Público familiar / Entrada 1,50 €**

Esta é a historia de Mariña, unha nena que grazas ao aburrimiento se converte en idea! O seu pensamento ten forma de tarabela de cores. Unha tarabela de 2,20m de altura que cada vez que xira fará que se lle vaían ocorrendo un lote de ideas mentres xoga na súa habitación. Así, irase enfrontando a dragóns, a xigantes, aprenderá a usar o inxenio e ata tocará o violoncello. Usará a linguaxe do xogo, mediante a cal poderemos entrar no seu universo, no que encarnará a distintos personaxes fantásticos. E a iso tamén nos axudarán os seus enormes xoguets, a música, os efectos visuais e sonoros e o vestiario.

XOVES**6****22:00 h. Compañía De este Xeito
FEMINÍSIMAS****Auditorio Municipal
Público Adulto / Entrada 6 €**

Tres amigas reencóntranse despois de moito tempo sen verse. O encontro deriva nun debate sobre o feminismo e as súas diferentes visións. Cada unha defende unha postura distinta, xerando momentos de humor e tensión. A obra reflexiona sobre a igualdade e as contradicións da sociedade actual.

VENRES **7** **12:00 h.** **Compañía Piscore**
CONCERTO SINGULAR

Auditorio Municipal
Público familiar / Entrada 1,50 €

Compañía Piscore CONCERTO SINGULAR Que acontece cando se convoca a catro grandes solistas para un único concerto? Catro prestixiosos músicos fronte a un grande conflito: 16 baquetas e unha soa marimba. Eles están dispostos a facela soar do xeito máis orixinal e abraiante. Organizarse xa non vai ser tan doado. Piscore achéganos a mellor música e moito humor para un concerto singular nunha proposta que se encadra na liña dos grandes espectáculos que mesturan o virtuosismo musical e os ritmos coa comedia xestual, o clown e a participación do público.

VENRES **7** **22:00 h.** **Carlos Blanco**
A PENÚLTIMA

Auditorio Municipal
Público Adulto / Entrada 6 €

Porque nunca se sabe. Carlos Blanco bota a penúltima. Porque o tempo pasa e ...Carlos chega agora con imaxes, con historias novas e vellas pero sempre coas risas garantizadas. 70 minutos con Carlos son sempre breves, divertidos, sanadores, imprescindibles. A PENÚLTIMA chega este ano e xa veremos despois o que pasa. Para non perdelo.

SÁBADO **8** **13:00 h.** **Compañía A Vela Circo**
ENREDOS / Espectáculo Cirqueuse

Porta da Pulida
Para todos los públicos
Entrada de balde

Non sempre é fácil encaixar. É o primeiro día na fábrica, unha vella factoría que acaba de herdar do seu avó e que xa viviu épocas mellores. Coa ilusión do primeiro día comeza a súa xornada, pero pronto se dá de conta que as instalacións necesitan algo máis que uns amaños. A maquinaria oxidada, os engraxes desaxustados, as estruturas inestábeis... convértense no escenario perfecto para un sinfín de torpezas e inesperadas habilidades. Nun mundo dominado polas máquinas, a arte do circo emerxe como unha forma de rebelión e liberdade.

SÁBADO **8** **22:00 h.** **MAXIA / Joshua Kenneth**
DEGUSTACIÓN DE IMPOSIBLES

Porta da Pulida
Para todos los públicos
Entrada de balde

Degustación de imposibles é unha obra apta para todos os públicos creada polo ilusionista guiri-galego Joshua Kenneth.

Nesta selección de imposibles a realidade do público distorsiónase con impactantes elementos visuais e poéticos como as pompas de xabón, os panos de seda ou as sombras chinas. Unha experiencia interactiva, divertida e artística que convida ao público a entrar nun mundo onde todo pode ser transformado e onde nada é imposible. Atrévete?